


**Central
Agropecuaria
de Galicia**

MEMORIA 2009



INTRODUCCIÓN E ESTRUCTURA



INTRODUCCIÓN

Nas seguintes páxinas, a Central Agropecuaria de Galicia, ofrécelles unha análise de situación do que foron os prezos agrogandeiros galegos ao longo do ano 2009, tanto nas distintas mesas de prezos como na Poxa de Gando Vacún que se celebra en Silleda todos os martes do ano.

3

ESTRUTURA DA CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA.

1. POXAS DE GANDO VACÚN.

Cada martes, as tres poxas da Central Agropecuaria de Galicia ocupan os pavillóns do recinto Feira Internacional de Galicia, cunha superficie cuberta de 8.000 m², os cales están acondicionados para albergar estabulados a 1.000 becerros de recría e 600 reses maiores. Parello a isto, ocúpense máis de 20.000 m² en plazas de aparcamento para vehículos e camións.

Asemade, semanalmente concorren máis de 80 operadores comerciais e 12 matadoiros industriais (procedentes de Asturias, Cantabria, Huesca, Valladolid, Cataluña, Portugal e outros), posibilitando a xeración dun volume de negocio darredor dos 20 millóns de euros anuais.

Exposto dun xeito resumido, o proceso das poxas consiste no seguinte:

1. Á chegada dos animais á nave da Central, éstos son marcados cun número identificativo. O propietario recibirá un resgardo identificativo para cada animal, que deberá presentar ao persoal da poxa á hora de facilitar os seus datos fiscais e a documentación sanitaria dos animais, e que lle servirá de xustificante para o cobro. Calquera vendedor pode vender as súas reses na poxa da Central.
2. Cada comprador poxará de forma segreda polos animais que lle interesen, apuntando o seu prezo nunhas tiras que farán entrega ao persoal da poxa, as cales serán introducidas nun ordenador. O proceso informático seleccionará automaticamente a poxa máis alta. A aplicación informática permite aos compradores marcar un tope de animais a adxudicar, función que é ben recibida por parte dos pequenos e medianos cebadoiros.
3. No Salón de Poxas comunícase de viva voz e en pantalla o prezo máis alto seleccionado, xunto cos datos do propietario e os do comprador ao que se lle adxudica a res, podendo o vendedor aceptar ou denegar a poxa.
4. Unha vez poxados todos os animais, a Central Agropecuaria de Galicia emitirá por conta do vendedor un recibo que corresponderá á venda de cada un dos animais. O vendedor recibirá unha copia xunto co talón bancario polo importe da súa venda. O orixinal será entregado ao comprador.
5. A Central Agropecuaria de Galicia encárgase de cobrar aos compradores, entregándolle a cada un a relación de animais que recibiu.

Distínguense na Poxa de Vacún da Central Agropecuaria tres tipos, atendendo á configuración e morfoloxía das reses comercializadas:

1. **Poxa de Becerros de Recría.**
2. **Poxa de Vacún de Desvelle.**
3. **Poxa de Becerros Carniceiros.**

De grande importancia son as valoracións que semanalmente se publican como resultado da poxa, pois na actualidade son os prezos mais obxectivos do mercado estatal, por estar baseados en pagos efectivos que realiza a propia Central Agropecuaria.

4

2. MESAS DE PREZOS.

De xeito paralelo, realízanse semanalmente mesas de prezos sen presenza física das seguintes producións:

- **Porcino Cebado**
- **Bacoriños**
- **Ovos**
- **Galiñas de Desvelle**
- **Coellos**

A Central Agropecuaria de Galicia é unha identidade colaboradora do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ao facilitarlle a ésta os prezos fixados nas súas mesas e os establecidos nas poxas de gando, os cales forman parte dos prezos de referencia estatal que semanalmente fai públicos este Ministerio.

3. OBXECTIVOS.

Por todo o exposto, a Central Agropecuaria de Galicia é un instrumento para a clarificación dos mercados de produtos gandeiros nas súas dúas vertentes principais: mercado con presenza física de animais e mesas de prezos. Así mesmo, permite ao produtor e gandeiro acadar canles de información que redunden nunha comercialización xusta.

Por outra parte, a Central Agropecuaria de Galicia é unha organización que pode aglutinar todos os movementos informativos de mercados gandeiros, obtendo así unha referencia en prezos e un control sanitario homoxéneo para toda Galicia, sendo obxectivo da Central facilitar a comercialización ao produtor gandeiro galego dentro das mellores condicións sanitarias posibles.

ESTRUTURA DA MEMORIA 2009.

A presente memoria, estruturase en base á organización interna da Central Agropecuaria de Galicia, distinguindo nunha primeira parte as poxas de gando vacún (concurcencia, transaccións, cotizacións medias por tipoloxías...) do que son o establecemento das cotizacións medias de referencia nas distintas Xuntas ou Mesas de Prezos. Así estruturamos a memoria en catro bloques temáticos, que poderán atopar en catro arquivos de pdf nesta sección da <http://www.centralagropecuariadegalicia.es/>

5

BLOQUE 0. INTRODUCCIÓN E ESTRUTURA.

BLOQUE I. POXAS DE GANDO VACÚN.

- I.1. INTRODUCCIÓN. TENDENCIAS.
- I.2. CONFIGURACIÓNS MEDIAS POR SESIÓN.
- I.3. CONCURRENCIA, TRANSACCIONES E COTIZACIONES MEDIAS ANUAIS.
- I.4. GRAFOS. EVOLUCIÓN ANUAL.
- I.5. COTIZACIONES MEDIAS ANUAIS.
- I.6. ÍNDICES MENSUAIS.
- I.7. APÉNDICE: DATOS SEMANAIS.

BLOQUE II. XUNTAS DE PREZOS DO PORCINO.

- II.1. INTRODUCCIÓN. TENDENCIAS.
- II.2. COTIZACIONES SEMANAIS PORCINO CEBADO.
- II.3. COTIZACIONES SEMANAIS BACORIÑOS.
- II.4. GRAFOS. EVOLUCIÓN ANUAL.
- II.5. ÍNDICES MENSUAIS PORCINO.

BLOQUE III. XUNTAS DE PREZOS DO SECTOR AVÍCOLA.

- III.1. INTRODUCCIÓN. TENDENCIAS.
- III.2. COTIZACIONES SEMANAIS OVOS.
- III.3. GRAFOS. EVOLUCIÓN SEMANAL OVOS.
- III.4. GRAFOS. EVOLUCIÓN MENSUAL E ANUAL OVOS.
- III.5. ÍNDICES MENSUAIS OVOS.
- III.6. COTIZACIONES SEMANAIS GALIÑAS.
- III.7. GRAFOS. EVOLUCIÓN SEMANAL GALIÑAS.
- III.8. GRAFOS. EVOLUCIÓN MENSUAL E ANUAL GALIÑAS.
- III.9. ÍNDICES MENSUAIS GALIÑAS.

BLOQUE IV. XUNTAS DE PREZOS DO SECTOR CUNÍCOLA.

- IV.1. INTRODUCCIÓN. TENDENCIAS.
 - IV.2. COTIZACIONES SEMANAIS COELLOS.
 - IV.3. GRAFOS. EVOLUCIÓN SEMANAL E ANUAL.
 - IV.4. ÍNDICES MENSUAIS COELLO.
-

